



www.piscinadepadron.es

981- 81 16 90

piscinadepadron@gmail.com

NORMATIVA XERAL DA PISCINA E XIMNASIO MUNICIPAIS DO SOUTO - CONCELLO DE PADRÓN

1.- Para acceder ás instalacións é imprescindible adquirir a entrada correspondente ou rexistrarse co carné de abonado. O carné é persoal e intransferible. O persoal da instalación poderá requirer ó usuario a súa identificación, para o cal será preciso presentar ademáis o DNI ou pasaporte.

2.- Os usuarios deberán respectar en todo momento as instalacións e o seu material, que son de titularidade pública. Así mesmo colaborarán no mantemento de un ambiente de convivencia agradable. Para elo axudarán no posible a manter a súa limpeza, evitarán correr e berrar, e en xeral esforzaranse por cumprir as normas.

3.- O Concello de Padrón e a empresa adxudicataria do servizo non se farán responsables da perda ou extravío de obxectos personais. Recoméndase acudir ás instalacións cos útiles, prendas e efectos personais imprescindibles.

4.- Os usuarios deixarán os vestiarios recollidos, sen deixar pertenzas nos bancos ou perchas. Poderán levar as mochilas para a nave do vaso ou o ximnasio, ou gardalas nas taquillas. Para utilizalas poden usar unha moeda de 2 € que se recupera despóis de cada uso, ou un candado persoal. O usuario é responsable da custodia da chave. En todo caso as taquillas deben deixarse baleiras ó sair das instalacións.

5.- Os nenos menores de 12 anos non poderán acceder ás instalacións por libre se non están acompañados de un titor.

6.- Está prohibido fumar e comer en toda a instalación.

7.- Non está permitido o uso de cámaras de fotos e video nas instalacións, agás os días de portas abertas.

8.- O usuario poderá presentar as súas suxestións ou queixas sobre o funcionamento do servizo no buzón de suxestións.

NORMATIVA DO XIMNASIO

- 1.- É obrigatoria a utilización de roupa e calzado deportivo diferente ó da rúa.
- 2.- É obrigatoria utilización de unha toalla individual que evite o contacto do corpo cas superficies dos bancos e as máquinas de exercicio. O usuario evitará que lle caia a suor sobre calquera superficie.
- 3.- Ó traballar con pesos libres, non está permitido deixar caer as barras ou mancornas ó chan. Tampouco deixar caer as placas das máquinas.
- 4.- Ó rematar o traballo o usuario debe recoller o material e deixar as barras descargadas.
- 5.- Os usuarios deben deixar os bancos ou máquinas libres cando estén descansando para que outros usuarios podan alternar o uso.
6. - Os usuarios debe asegurarse de coñecer o funcionamento das máquinas e a idoneidade das cargas a utilizar. De non estar seguro debe solicitar asesoramento. Consultar o horario do monitor.
7. - En caso de traballar con pesos libres é recomendable contar ca colaboración de algún axudante.
- 8.- Non está permitido o acceso a menores de 15 anos.
- 9.- É obrigatorio atender as indicacións do persoal.

HORARIO DE APERTURA

INVERNO: DE OUTUBRO A XUÑO

DE LUNS A VENRES: de 8.00 a 13.00 e de 16.30 a 22.30 h.

SÁBADOS: de 9.30 a 13.30 e de 17.00 a 20.30 h.

(Horario contínuo de luns a venres de 8.00 a 22.30 h para aboados)

VERÁN: XULLO E AGOSTO

DE LUNS A VENRES: de 8.00 a 13.30 e de 18.30 a 22.30 h.

SÁBADOS: de 9.30 a 13.30 h

VERÁN: SETEMBRO

DE LUNS A VENRES: de 8.00 a 13.00 e de 17.30 a 22.30 h.

SÁBADOS: de 9.30 a 13.30 h

Os festivos as instalacións permanecerán pechadas
As actividades rematan 15 minutos antes do peche das instalacións

ENTRADAS

1.- Para acceder á instalación (piscina ou ximnasio) pode adquirirse unha entrada no momento que se desexe, tendo en conta que o acceso estará condicionado ó espazo dispoñible segundo a lexislación vixente.

2.- A entrada da dereito á utilización da piscina ou o ximnasio durante unha hora.

3.- Durante todo o horario de apertura, a instalación dispoñerá como mínimo de dúas pista para o nado libre.

4.- Para garantir a seguridade, as persoas que non saiban nadar ou padezan algunha doenza que conleve risco, deberán advertir previamente ó persoal.

ABOADOS

1.- Os abonos son un xeito de fidelizarse á instalación abonando unha cota fixa mensual que permite acceder a diferentes servizos.

2.- Avantaxes dos abonados:

- Utilización da piscina e o ximnasio en todo o horario de apertura.
- Prezos reducidos nas diferentes actividades ofertadas.

3.- Para inscribirse como abonado da instalación deberase cubrir a folia de solicitude, entregar a documentación precisa en cada caso, e abonar en efectivo a matrícula correspondente, xunto ca primeira cota.

4.- O pagamento das cotas mensuais realizarase por domiciliación bancaria. Se a entidade bancaria devolve o recibo, para continuar sendo abonado, o interesado deberá facer novamente o ingreso (na entidade bancaria ou na mesma instalación) e abonar os gastos que acarrex a devolución.

5.- Cando o abonado desexe causar baixa deberá comunicalo na instalación antes do día 25 do mes anterior ó que non desexe continuar, e devolver o carné ó final do mes. Así mesmo no caso de que un abonado realice algún cambio nos datos persoais ou bancarios deberá comunicalo na instalación antes do día 25 do mes no que se fagan efectivos.

NORMAS DA PISCINA

- 1.- Está prohibido o acceso á zona de baño con roupa ou calzado de rúa.
- 2.- É obrigatorio o uso de gorro de baño e chanclas limpas e en bo estado sen excepción. Recoméndase o uso de gafas de natación e toalla ou albornoz
- 3.- É obrigatorio ducharse ben antes de entrar no vaso.
- 4.- Está prohibido cuspir ou mexar no vaso, así como mastigar chicle.
- 5.- Non se permite a utilización de material como colchonetas, flotadores, aletas, gafas de cristal, etc. sen a autorización expresa do persoal da instalación.
- 6.- Evitaranse os obxectos coma cadeas, reloxos, pendentes ou calquera outros que poidan provocar accidentes ou perderse na auga.
- 7.- Está prohibido saltar á auga de calquera xeito, a excepción dos grupos de aprendizaxe por indicacións do profesor.
- 8.- Está prohibido sentar nas corticeiras, dar caladas ou realizar calquera outra actividade perigosa.
- 9.- Está prohibido correr polos vestiarios e a praia.
10. - Os menores de 12 anos deberán estar acompañados de un titor ou persoa responsable cando vaian a nadar por libre.
11. - Os bañistas deberán utilizar a pista asignada, nadar sempre pola parte dereita da pista e tratarán de non estorbar ós demais usuarios.
- 12.- Os usuarios deberán seguir en todo caso as indicacións do persoal das instalacións.

